

TERMINOLOGÍA GENERAL DE ECONOMÍA, COMERCIO Y DESARROLLO; GLOSARIO INGLÉS - ESPAÑOL

Terminología General de Economía, Comercio y Desarrollo; Glosario Inglés - Español, Naciones Unidas, Nova York e Xenebra: 1995 (ISBN 92-1-100694-5)

A economía é, sen ningunha dúbida, un dos poucos campos nos que os tradutores do inglés ó español teñen á súa disposición numerosos dicionarios e glosarios de todo tipo, que a miúdo son de grande calidade. A este rico material véñse sumar agora a obra *Terminología General de Economía, Comercio y Desarrollo*, publicada pola Oficina das Nacións Unidas en Xenebra. Este glosario inglés-español (con índice español) elaborado pola Sección de Terminoloxía e Documentación Técnica de dita Oficina constitúe unha recompilación actualizada de distintas obras terminolóxicas publicadas anteriormente pola ONU, tales como: *Glosario sobre Comercio y Desarrollo* (TERM/36; 1987), *Preferencias* (TERM/MISC/93; 1993), *Lista provisional de termos relativos a los seguros y los reaseguros* (1993), *Siglas y títulos de agrupaciones de integración económica* (1994).

Entre as máis de 4.000 entradas non só atopamos termos macroeconómicos relativos, por exemplo, á pobreza, á balanza de pagamentos, ó BIRF, ó endebedamento, ó FMI, ás prácticas comerciais restrictivas ou á Rolda Uruguay, senón tamén moitos tecnicismos microeconómicos. En efecto, unha das particularidades da obra é que inclúe moitos máis termos bolsistas e bancarios do que o adoitan facer os glosarios económicos publicados por outros organismos internacionais –*IMF Glossary English-French-Spanish* (FMI, Washington: 1992), *Glosario para traductores del GATT* (GATI, Xenebra: 1988)–, que normalmente se centran na macroeconomía.

O feito de que, como se indicaba ó principio, xa exista unha grande variedade de dicionarios e glosarios económicos de calidade non lle tira importancia á publicación doutras obras: o mundo da economía e das finanzas evolúe rapidamente e a aparición de novos termos require un importante labor terminolóxico. Nese senso, cómpre salientar que o presente Glosario soubo afrontar-lo reto de incluír neoloxismos pertencentes á ámbitos tales

Alberto Álvarez Lugo
Universidade de Vigo

248

VICÉVERSA 2 (1996) 249-251

249

como o das opcións e futuros financeiros nos que o léxico aínda non parece estar moi consolidado. Por suposto, a obra tamén comprende neoloxismos que non son puramente económicos e que gardan relación con outros campos tales coma a informática (*Logiciel para el Análisis de las Restricciones del Comercio y el Acceso a los Mercados (LORCAM)*) ou a ecoloxía (*ecodumping*). Non obstante, a maior utilidade deste Glosario reside, se cadra, en que nel se poden consultar expresións propias das organizacións internacionais, é dicir, a denominación española oficial de organismos, órganos que os compoñen, tratados, acordos, decisións, etc. Lembremos que non sempre resulta fácil atopar estas denominacións oficiais e que, ás veces, o único xeito de dar con elas consiste en consultar directamente o documento en cuestión, o que non resulta moi doado. O Glosario recolle, por exemplo, os acordos e conclusións resultantes da Rolda Uruguay, que concluíu en abril de 1994, e que só poderíamos achar na Acta Final, xa que o último Glosario do GATT data de hai sete anos e que aínda non dispoñemos do que ha se-lo primeiro Glosario da Organización Mundial do Comercio.

Hase subliñar asemade que as solucións propostas non teñen nada de conservadoras nin de puristas; despréndese delas unha clara intención innovadora e un empeño de buscar solucións prácticas. Así pois, atopamos entre os termos españois moitos préstamos (*forfétización*) ou mesmo estranxeirismos puros (*hedge* de compra), que seguramente responden a un intento de respectar-la xerxa empregada na práctica polos profesionais. Este enfoque menos rixido tamén se traduce na inclusión de calcos como o de *ecotasa* –que uns anos atrás seguramente terían sido substituídos por termos máis afastados do inglés; neste caso, *impuesto ecológico* ou expresións análogas– e incluso de voces máis informais, coma a de *socio comercial* (en efecto, ata agora nos organismos internacionais a expresión *trade partner* referida a un país sempre se traducía por *interlocutor comercial*).

Como é natural en toda obra da envergadura da que aquí nos ocupa tamén atopamos alguna inexactitude ou algúns termos cos que non estamos enteiramente de acordo. Velaquí dous exemplos: *home-based enterprises* = *empresas domésticas* (en español, o uso de “doméstico” por “nacional, interior, interno, del país” considérase anglicado; por outra banda, neste caso, expresións coma *empresas con sede en el país* serían probablemente máis precisas); *Agreement on Government Procurement* = *Acuerdo sobre Compras del Sector Público* (a designación correcta é *Acuerdo sobre Contratación Pública*; a denominación recollida no Glosario corresponde ó nome que o acordo en cuestión recibía antigamente no GATT; sen embargo, esta expresión modificouse en 1994 no texto español da Acta Final da Rolda Uruguay, aínda que non variou en inglés).

Resulta así mesmo curioso que, se ben polo xeral as entradas só van seguidas da indicación do campo ó que pertencen e do equivalente español, algunhas voces (aproximadamente unha de cada trinta) vaian acompañadas

de definición. Así por exemplo, baixo *asset* figura unha definición de dez liñas, seguida do termo español *activo* e da tradución da definición, mentres que baixo outros termos menos coñecidos e máis “intrigantes” como *killer bee/beja asesina* non se engade explicación ningunha.

Tamén nos chamou a atención que as máisculas non vaían acentuadas, e gustaríanos contar cunha bibliografía un pouco máis extensa e unha introducción que non se limitase a enumerar os campos tratados (o certo é que, a diferenza do que ocorre cos dicionarios, os glosarios non adoitan incluír unha introducción; non obstante, algúns –por ex. o *Glosario Histórico Internacional da Organización Meteorolóxica Mundial* (OMM/UNICEF, Xenebra: 1992 ou o *Tesouro da Organización Internacional do Traballo* (OIT, Xenebra: 1991– si seguen esta práctica, o que nos permite coñecer os criterios seguidos ou a finalidade da obra, información de grande importancia).

Malia estas pequenas cuestións illadas e secundarias, no seu conxunto a publicación *Terminología General de Economía, Comercio y Desarrollo; Glosario Inglés-Español* constitúe unha valiosa obra de consulta para os estudiosos e profesionais da Economía e da Tradución. Os servizos de terminoloxía dos distintos organismos están a desempeñar un importante labor, e sería unha pena que só fose de proveito para os tradutores e as tradutoras *de casa*. Por iso celebrámo-la tendencia dos organismos de publica-los seus glosarios e de poñelos á disposición de todos. Esperamos que algunhas organizacións, coma a OMS, nas que os glosarios son unicamente de uso interno, tamén se animen a facelo.

Esther Sánchez
Universidade de Vigo

250

251